



Alba Castro, José Luis  
 Albo López, M<sup>a</sup> Elena  
 Alfonso Pallarés, Miguel Ángel  
 Alonso Araujo, Marcos M.  
 Alonso Carrera, Jaime  
 Alonso Escontrela, M<sup>a</sup> Luisa  
 Álvarez Moreira, José Ángel  
 Álvarez Rodríguez, Rosana  
 Álvarez Villamarín, José C.  
 Anaya Revuelta, Inmaculada  
 Andión Rodríguez, M<sup>a</sup> Nuria  
 Arévalo Tomé, Raquel  
 Arias Acuña, Alberto Marcos  
 Arias Fernández, M<sup>a</sup> Cristina  
 Badaoui Fernández, Aida  
 Báez Montero, Inmaculada.C.  
 Barajas Alonso, Ángel A.  
 Barcía Rodríguez, Ignacio  
 Barral Puga, Bastián  
 Barreiro Alonso, Enrique  
 Basalo Domínguez, David  
 Bernal Gómez, Rosa  
 Blanco García, Jesús  
 Blanco Pesqueira, Antonia  
 Botana Ferreiro, Francisco Ramón  
 Brea Castro, Millán  
 Bueno Alonso, Jorge Luis  
 Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
 Calvo Rapado, José M<sup>a</sup>  
 Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Castro Betancor, Oscar  
 Castro Buerguer, Iago  
 Castro Fernández, Lucía  
 Castro Rodríguez, Fidel  
 Cebro Rodríguez, Juan M.  
 Chamorro Rivas, José María  
 Cid Fernández, Xose Manuel  
 Cid Sabucedo, Alfonso

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día trece de marzo de dous mil tres, ás 17:00 horas en primeira convocatoria e ás 17:30 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 13 de marzo de 2003**, ás 18:00 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

**Punto 1:** Resolución da impugnación, asinada por 37 claustrais, sobre o acordo tomado na sesión extraordinaria do Claustro do día 12 de febreiro de 2003.

**Punto 2:** Aprobación, se procede, do anteproxecto de Estatutos.

Ó inicio da sesión o Sr. Rector informa dos acordos da mesa para o desenvolvemento da sesión.

- Realizado o sorteo, o anteproxecto que vai a ser defendido en primeiro lugar e o que ten como primeiro asinante Don José Tojo Suárez e en segundo lugar o que ten como primeiro asinante Don José Durany Castrillo.

- No sorteo da letra para a rolda de intervencións, saíu a letra R.

- Fíxase o tempo para o debate de xeito que ás 20:00 horas dárase por rematado o mesmo, e procederase a realizar a votación que será secreta a petición dun grupo de claustrais.

**Punto 1:** Resolución da impugnación, asinada por 37 claustrais, sobre o acordo tomado na sesión extraordinaria do Claustro do día 12 de febreiro de 2003.

O Rector di que é o propio Claustro o que ten que resolver a impugnación e pregunta se algún dos asinantes quere intervir para defender os argumentos utilizados.

O profesor Ramos explica que os asinantes da impugnación están de acordo co que se aprobou no último Claustro pero están en desacordo co desenvolvemento do mesmo e deciden retirar a impugnación ( ó menos un grupo de asinantes) en beneficio da Universidade.

Cid Samamed, Antonio  
 Cifuentes García , Ángel  
 Constenla Bergueiro, Gonzalo  
 Costa González, Paula  
 De La Montaña Miguelez, Julia  
 De La Torre Fraga, Daniel  
 De Oca Cancela, Guillermo  
 De Vicente Remesal, Javier  
 Deaño Deaño, Manuel  
 Diaz Freire, Antonio  
 Díaz De Bustamante, Jaime  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Doformo Cid, Ana Belén  
 Domínguez Castro, Luis  
 Domínguez Santiago, M<sup>a</sup> Ángeles  
 Durany Castrillo, José  
 Eire Fernández, Marcos  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fariñas Valiña, Iago  
 Fernández Casas, Luis  
 Fernández Fernández, Federico  
 Fernández García, José Miguel  
 Fernández Iglesias, Manuel José  
 Fernández López, Roberto Ignacio  
 Fernández López, Francisco J.  
 Fernández Sobrino, Ramón A.  
 Filgueira Pérez, Ángeles  
 Fomeiro Álvarez, Ramón M<sup>a</sup>  
 Fraiz Brea, José Antonio  
 Gallardo Correa, Antonio  
 Galvez Ameijide, Luis Miguel  
 Galvez Galvez, Juan Francisco  
 García Arroyo, María  
 García Casanova, Miguel  
 García Cutrín, Francisco J.  
 García Paz, Francisco Javier  
 García Pino, Antonio  
 García Vázquez, José Manuel  
 Garrido González, Josefa  
 Garrido Suárez, Carlos  
 Gil Martín, Emilio  
 Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
 Giménez De Cal, Alvaro Javier  
 Gómez Durán, Artur

Fai un repaso ós puntos de impugnación e di que o máis grave foi a ausencia dun debate previo á toma do acordo. Para rematar solicita ó Presidente e á Mesa que non se volvan a repetir feitos deste tipo.

O Rector pregunta se algún dos asinantes quere manter a impugnación.

O profesor Diaz Bustamente di que na sesión do Claustro do día 12 de febreiro, e despois de 1 ½ hora de espera, non se enterou que se había constituído e retirouse e por conseguinte non votou. Para non interferir no proceso estatutario non desexa manter a impugnación.

Queda retirada a impugnación.

**Punto 2:** Aprobación, se procede, do anteproxecto de Estatutos.

Intervén en primeiro lugar o profesor Lago para defender o anteproxecto asinado por membros de Nova Universidade. Di que foi elaborado en base a:

- o borrador elaborado pola Comisión de Estatutos.
- á contribución dos catro sectores que constitúen o Claustro

Explica as razóns fundamentais que o diferencian do anteproxecto presentado por Alternativa Universitaria como son : a consideración do Claustro como o máximo órgano lexislativo de representación e decisión, modificación da representatividade do mesmo, -recuperación do plano teórico do POD,

Gómez Gude, Jorge Juan  
 Gómez Reboiro, José Luis  
 González Álvarez, Dolores  
 González Cespón, José Luis  
 González Crespán, M<sup>a</sup> Araceli  
 González Novas, Roberto  
 González Pillado, Esther  
 González Piñeiro, Manuel  
 González Vázquez, Encarnación  
 Gregorio González, Benito  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Hervés Beloso, Juan Pablo  
 Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Labandeira Villot, Xavier  
 Lago Ferreiro, Alfonso  
 Lago Teijeiro, Juan Miguel  
 Lanaja Del Busto, José M.  
 Legido Soto, José Luis  
 Leiceaga Baltar, Xoán A.  
 Lens Leiva, Jorge  
 León Fong, Betty Mireya  
 Llamas Nistal, Martín  
 Loeck Fernández, Juan A.  
 López Mira, Alvaro Xosé  
 López Pérez, José  
 López Vidal, M<sup>a</sup> Del Pilar  
 Lorenzo Merino, Fernando José  
 Lorenzo Suárez, Anxo Manuel  
 Lores Ínsua, Francisco Xavier  
 Losada Álvarez, Abel Fermín  
 Luna Alonso, Ana  
 Manzanedo García, José Fernando  
 Marín Martín, Ricardo  
 Martí Pellón, Daniel  
 Martínez Lima, Serxio  
 Martínez Pampillón, Carlos Alberto  
 Martínez Rodríguez, María  
 Martínez Senra, Ana Isabel  
 Mato De La Iglesia, Salustiano  
 Mazaira Castro, Andrés  
 Meixús Filgueira, Rafael  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Méndez Martínez, Gonzalo  
 Míguez Tabarés, José Luis  
 Nombela Castaño, Miguel Ángel  
 Orche García, Enrique  
 Otero Camiña, José Luciano  
 Pajares Domínguez, Sergio  
 Palacio Sánchez, Xosé Antón  
 Palanca González, Mercedes  
 Pastrana Castro, Lorenzo Miguel  
 Pazó Martínez, M<sup>a</sup> Consuelo

- incorporación da figura de investigador en formación e perfeccionamento.
- plan de promoción do profesorado contratado
- potenciación das Delegacións de Alumnos
- mantemento da figura do Administrador do Centro, de non chegar a acordo na negociación da RPT que sexa o Claustro o que arbitre
- eleccións do Rector e demais cargos unpersonais unha vez aprobados os Estatutos, etc.

Remata a súa intervención indicando que o anteproxecto de Alternativa Universitaria e indefinido e no de Nova Universidade reflíctese claramente a estrutura base da Universidade que queremos, polo que solicita o voto para este anteproxecto coa idea de que pode ser mellorable no prazo de emendas.

Continúa a sesión baixo a Presidencia do profesor Reigosa.

O profesor Docampo intervén para defender o anteproxecto avalado por Alternativa Universitaria. Di que hoxe é un día importante para a Universidade de Vigo porque imos a elixir un anteproxecto de Estatutos.

Indica que o anteproxecto que el defende e fruto dunha reflexión do grupo de Alternativa Universitaria pero que resulta despois das conversas mantidas cos diferentes sectores, obtendo como resultado un documento que ten os pilares que deben ter uns Estatutos pero que despois aínda queda moito por facer.

Destaca os seguintes aspectos :

- No anteproxecto establece liñas xerais deixando que sexan os Regulamentos os que concreten.
- Respecto a representatividade actual no Claustro, corrixindo a de outros órganos se fose preciso.
- Respecto a lexitimidade democrática das eleccións realizadas nesta universidade.
- Asumir compromisos que se poidan cumprir, isto inclúe respectar os compromisos xa adquiridos co profesorado propio e engadir ademais certos compromisos co resto do PDI a tempo completo.
- Impulsar unha xestión eficaz polo que non se debe detallar con precisión no estatuto o que vai a ser a Universidade dentro de 20 anos, nembargantes os Regulamentos si se poden actualizar.

Peleteiro Salgado, José  
 Pequeño González, Tatiana  
 Pérez Figueroa, Andrés  
 Pérez Gómez, Luis  
 Pérez Guerra, Javier  
 Pérez López, Serafín A.  
 Pérez Rodríguez, Francisco Javier  
 Pérez Teijeiro, José M.  
 Piedracoba Varela, Silvia  
 Pita Grandal, Ana Mª  
 Pose Blanco, José  
 Pou Saracho, Juan María  
 Prada Blanco, Albino  
 Prado Prado, José Carlos  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Rey Estraviz, Adrián  
 Rey Moure, Rut Yolanda  
 Rial Otero, Ángel  
 Rivas Conde, Filemón  
 Rodeiro Iglesias, Javier  
 Rodríguez Álvarez, Ángela  
 Rodríguez Berrocal, Francisco Javier  
 Rodríguez Fuentes, Gustavo  
 Rodríguez Seoane, María Pilar  
 Román Lago, Carlos  
 Sánchez Bermúdez, Ángel  
 Sánchez Villaverde, Natividad  
 Sancho Carneiro, Daniel  
 Santalla Del Río, Verónica  
 Santos García, José Santiago  
 Seoane Pampin-Montenegro, Anselmo  
 Simal Gándara, Jesús  
 Soengas Fernández, José Luis  
 Suárez Pazos, Mercedes  
 Surís Regueiro, Juan C.  
 Taboada Castro, Javier  
 Tojo Suárez, Mª De La Concepción  
 Tojo Suárez, José E.  
 Troncoso Durán, Dolores  
 Vaamonde Liste, Antonio  
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique  
 Vaquero Díaz, Mª Beatriz  
 Varela Benvenuto, Ramiro A.  
 Vázquez Alejos, Ana  
 Vázquez Gestal, Monserrat  
 Vázquez López, Ezequiel M.  
 Vázquez Nuñez, Fernando Antonio  
 Vázquez Santos, Cristina  
 Veloso Fernández, Óscar  
 Vera Isasa, María  
 Vila Alonso, Mercedes  
 Vilas Martín, Federico  
 Viso Alonso, Augusto  
 Villaverde Creo, Miguel Anxo

Remata indicando que non se é mais democrático por darlle máis competencias ó Claustro, e que o Claustro non hai que “defendelo” senón que hai que “convocalo” xa que deféndese so, así o entende o grupo de Alternativa Universitaria e así o entenden 20 proxectos de estatutos doutras universidades xa aprobados polo Claustro e moitos deles xa pasaron a legalidade da Comunidade Autónoma. Finaliza a súa intervención pedindo o voto para este anteproxecto porque cre que é o mellor documento de partida para os futuros Estatutos da Universidade de Vigo.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Rodríguez Berrocal di que non lle gustou a intervención do profesor Docampo. Sinala que lle gustaría que alguén de Alternativa Universitaria lle explicara por qué houbo un cambio na Comisión de Estatutos.

O profesor Taboada indica que da lectura do anteproxecto de Nova Universidade se deduce un regulamentarismo excesivo e isto non é bo. Ademais e diferencial xa que uns temas se regulamentan demasiado e outros non se tocan.

A profesora Anaya indica que é posible que o anteproxecto de Nova Universidade teña fallos como tamén os hai no de Alternativa Universitaria. Na súa opinión o máis destacable do anteproxecto de Nova Universidade e a coherencia da que carece o de Alternativa Universitaria.

O profesor Barreiro indica que é unha pena que non se acadara o consenso na última reunión da Comisión de Estatutos. Di que se decanta polo Anteproxecto de Nova Universidade, entre outros, polos motivos seguintes:

- maior nº de competencias do Claustro
- maior representatividade do sector B
- maior concreción.

O Sr. Cebro fai alusión ós tres meses de traballo da Comisión de Estatutos e ó alto grao de consenso acadado xa que dun conxunto de 200 artigos soamente se votaron uns poucos.

O profesor Costas fai unha comparación deste Claustro co anterior e di que está satisfeito porque hoxe si

se pode debater. Sinala que non lle gustan uns estatutos demasiado regulamentaristas, defecto que ten o anteproxecto de Nova Universidade.

O profesor Diaz de Bustamante fai aclaracións a un escrito enviado á comunidade e que facía referencia á composición do Claustro.

O profesor Durany fai referencia a algúns aspectos do anteproxecto de Nova Universidade e que, o seu entender, crean algunha confusión:

- E curioso que aqueles que cando gobernaban non convocaban practicamente o Claustro, e agora defendan darlle un gran número de competencias.
- En relación á convocatoria de eleccións a Rector e Claustro, pregunta si hai algunha dubida sobre a lexitimidade democrática das últimas e tamén si hai algunha dubida de que o programa presentado por Nova Universidade nas mesmas era para catro anos.

Remata para indicar que na totalidade das universidades españolas nas que foi elixido Rector segundo a LOU, referendan a legalidade destas eleccións nos seus Estatutos.

O Sr. González Durán di que dos anteriores Estatutos saíu un modelo de administración no que os profesores se dedicaban a dar clase e os PAS a mover os papeis e non sabe por qué agora no anteproxecto de Alternativa Universitaria desaparecen figuras como o Administrador de Centro pero non desaparecen por exemplo os Decanos. Di que non pode defender ningún dos dous anteproxectos porque un deles non di nada e o outro non mellora nada do que hai.

O Sr. González Novas explica as razóns polas que apoia o documento presentado por Alternativa Universitaria. Parécelle grave que Nova Universidade diga que o seu documento parte do borrador elaborado pola Comisión de Estatutos cando hai mais artigos copiados do documento de Alternativa Universitaria que do borrador da comisión. Non entende como un alumno pode defender o anteproxecto de Nova Universidad no que se reduce a representatividade e dereitos dos estudantes. Defende Delegacións de Alumnos abertas con estrutura horizontal e non Delegacións dirixidas por dúas ou tres persoas.

Intervén o profesor Lago para aclarar algúns aspectos do documento de Nova Universidade e responder a algunhas das intervencións.

O profesor Legido destaca o interese do debate e algúns aspectos do anteproxecto de Nova Universidade.

- considera que facer eleccións a Rector e Claustro unha vez aprobados os estatutos non é nada descabellado.
- preocúpalle que se trate a Universidade como unha gran empresa xa que a súa finalidade e servir a sociedade e el defende unha Universidade eficaz pero pública.
- respecto da figura do xerente desexa garantías de que proveña sempre do sector público.

Remata sinalando que este anteproxecto e emendable como o é o de Alternativa Universitaria e polo tanto mellorables.

O profesor Martínez Lores considera que á hora de elixir un dos dous anteproxectos o máis relevante son os principios xerais. Considera que o de Nova Univesidade é regulamentista e discriminatorio xa que nas transitorias 3ª e 4ª hai un esquecemento total de Doutores contratados con figuras diferentes á de profesor propio á de profesor asociado e, parécelle moi grave que non se especifique o tipo de asociados. Nembargantes o documento de Alternativa Universitaria recolle o profesor propio e fala de todo o resto de PDI contratado a tempo completo e, aínda que non é a redacción que máis lle gustaría parécelle moito mellor que a de Nova Universidade.

A Sra. Martínez Rodríguez di que é independente e por iso quere unha representación en Claustro dun 30% .Cre que foi elixida democráticamente e polo tanto que está lexitimada para participar no proceso de elaboración dos diferentes Regulamentos polo Claustro e por iso vai votar o anteproxecto de Alternativa Universitaria.

O profesor Mato manifesta o seu respecto os 94 asinantes do documento de Nova Universidade. Alégrase de que ambos documentos defendan o mesmo modelo de universidade, polo que o que se está a plantexar neste debate mais ben e un debate de emendas. Di que Alternativa Universitaria defende que o Claustro sexa o órgano legislativo e o máximo órgano de control de tódolos órganos colexiados e unipersoais desta Universidade.

O profesor Mazaira fai unha serie de reflexións sobre o proxecto que presenta Alternativa Universitaria, lembra que se manteñen as principais competencias do Claustro e que incluso poden ser melloradas por emendas e que se intenta non volver a cometer os erros da LOU. Respecto á lexitimidade democrática das eleccións lembra que hai un ano un equipo se presentaba cun programa para desenvolver en catro anos e outro equipo se presentaba para un ano, e a comunidade universitaria elixiu o primeiro. Remata dicindo que, a diferenza do profesor Berrocal, el si sabe o que vai votar.

O profesor Berrocal, por alusións, di que como é Director de Departamento e lle gusta o cargo, está a pensar o que vai votar.

O Sr. Pérez Gómez intervén en nome do grupo Queicoiñas e pide desculpas a esta asemblea polo sucedido no último Claustro. Alude o profesoro Lago e di que o día 17 de decembro na Comisión de Estatutos non había consenso nunha serie de puntos fundamentais como eran: representatividade, Xerente, Administradores de Centro, etc. e Queicoiñas sempre dixo que ía votar en contra. Sinala que Queicoiñas non é de Alternativa Universitaria pero vai apoiar o seu documento porque cre que é o mellor.

Remata dicindo que no ano 92 apoiou a figura do Administrador de Centro pero cre que agora xa non é necesario que figure nos Estatutos para que siga existindo porque xa está suficientemente desenvolvida.

O profesor Lago, por alusións, di que efectivamente a actuación do Sr. Pérez Gómez na Comisión de Estatutos foi bastante coherente.

Rematado o turno de intervencións o Presidente da Mesa explica os termos da votación:

Papeleta co nº 1: Anteproxecto asinado en primeiro lugar por Don José Durany Castrillo.

Papeleta co nº 2: Anteproxecto asinado en primerior lugar por Don José Tojo Suárez.

Papeleta en branco: voto en branco.

Sinala que hai dúas urnas e que o prazo para realizar a votación remata ás 20:45 horas.

Feito o reconto de votos o resultado da votación é o seguinte:

- votos a favor do anteproxecto nº 1: 115 votos
- votos a favor do anteproxecto nº 2: 67 votos
- votos en branco: 5
- votos nulos: 0

Queda aprobado o anteproxecto de Estatutos asinado por Don José Durany Castrillo e 106 claustrais máis ( anexo ).

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 21:00 horas do día 13 de marzo de 2003, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co Vº e Pr. Do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe